



Guía educativa:  
**Mulleres de  
terra e mar  
ante o cambio  
climático**

AUTORÍA:



Publicación de Ayuda en Acción  
Coordinación Laura G. Vales y Elena Rúa

Diseña y maquetación: Niabellum

Con el apoyo de:



Publicación elaborada en el marco del Proyecto PR804A 2024-10 "Education4ThePlanet:la juventud gallega activada por la Agenda 2030 y la acción por el clima, financiado por la Cooperación Galega - Xunta de Galicia, a través de la Dirección General de Relaciones Exteriores y con la Unión Europea.

Los derechos de la publicación son derechos compartidos, de modo que cualquier persona es libre de copiar, distribuir y comunicar la obra, siempre que se reconozcan los créditos de manera específica del editor y no se utilice con fines comerciales o contrarios a los derechos de las niñas y niños.

Agosto de 2025.

# Índice de contenidos.

1. Introducción.	4
2. Notas metodolóxicas para poñer en práctica a unidade.	6
3. Bloque I. Coñecer: Presentación e definición de conceptos clave	8
3.1. Universalidade e xustiza ambiental:	12
3.2. Incendios. Vivir de costas ao lume:	14
3.3. Mulleres pioneiras:	16
3.4. Eutopías. Outros futuros	18
3.5. Artivismos. Creación participada para accionar-nos polo clima:	20
4. Bloque II. Practicar: Fichas de actividade por temáticas	21
5. Bloque III. Activar: Anotacións para iniciar unha micro-experiencia de investigación participada	42
5.1. Comezamos! Identificamos problemas e reflexionamos	44
5.2. Arrombamos. Seleccionamos temas e organizamos o proceso	44
5.3. Pés fóra. Observación e investigación	45
5.4. Partillamos. Devolvemos os saberes á comunidade	45
6. Recursos e ferramentas	46


# 1. Introducción.


## ***Mulleres de terra e de mar ante o cambio climático***

é unha ferramenta pedagóxica que aspira a que a mocidade galega incremente o seu coñecemento crítico sobre a importancia do desenvolvemento sostible, desde unha mirada ecosocial, dos entornos rurais para a consecución do **ODS13. Acción polo clima**, a través da exploración destas liñas mediante metodoloxías educativas innovadoras.


O material enmárcase dentro do traballo de Axuda en Acción de Educación para a Cidadanía Global, sobre a liña temática de emerxencia climática **#Education4theplanet** e dentro desta do proxecto **“A xuventude galega activada pola Axenda 2030 e a acción polo clima”**. O obxectivo xeral é a promoción dunha mocidade activa con mirada no Sur global e, en especial, no ODS13, poñendo en valor o aporte do entorno rural ante a emerxencia climática con enfoque de xénero.

Xunto a outras propostas, compón o conxunto de accións lideradas pola Fundación Axuda en Acción a través da financiación da Xunta de Galicia e en colaboración con outras entidades, centros educativos e iniciativas de impacto local.





**2. Notas metodológicas  
para poner en práctica  
a unidade.**



A guía ten un **dobre obxectivo**:

**1** **Acompañar o profesorado ou persoal socioeducativo durante** cinco sesións formativas e vivenciais arredor de diferentes desafíos globais.

**2** Contribuír a **xeración de propostas que conviden á reflexión crítica e ao accionar, individual e colectivo, por parte da mocidade participante.**

A metodoloxía parte da **aprendizaxe vivencial**, centrada en experimentar en primeira persoa como base para sentir, entender e transformar.

O deseño das sesións **estrutúrase flexible para a súa adaptabilidade** a todos os niveis da **ESO**. Prégase o seguimento das indicacións para a creación dun itinerario personalizado acorde ao curso e ás súas singularidades. A duración de cada sesión é de 50 minutos, agás a de artivismos que son **100 minutos**.

Para a preparación de cada sesión, identificamos **dous momentos clave**:



### Antes

- Lectura e revisión do *Bloque I. Coñecer* asociada a cada sesión.
- Familiarización coa estrutura da guía, materiais e recursos. Preparación dos elementos necesarios para levar á aula.
- Creación dun itinerario adaptado ao curso e ao grupo participante. Escolla de dinámicas para a apertura (*Bloque de recursos e ferramentas*)



### Durante

- Apertura dun espazo de botrato co alumnado. Negociar e dialogar acordos bentratantes (necesidades, sentires, emocionalidade...).
- O persoal socioeducativo e/ou profesorado, debe asumirse nun rol facilitador, onde se promova a autonomía e reflexión colectiva.
- Escolla de dinámicas para o feche (*Bloque de recursos e ferramentas*)



### 3. Bloque I. Coñecer: Presentación e definición de conceptos clave



Toda realidade é, por definición, cambiante. O clima, as súas condicións e patróns nos diferentes recunchos terrestres, tamén, mudando sistematicamente ao longo da historia<sup>1</sup>.

Cando falamos de **cambio climático** (CC, en diante), non nos referimos só as condicións e causas naturais de evolución. Se non que se contemplan tamén anomalías, rápidas e sen precedentes, derivadas da actividade humana.


O CC, afecta de forma distinta ás diferentes territorialidades do mundo, incidindo ao tempo en todos os seres vivos.

Ao mudaren as condicións naturais nas que os ecosistemas se desenvolven, fanno tamén as estratexias e os vínculos para cos lugares habitados (**desaparición de especies, muda de cultivos, desprazamento de persoas por mor das secas extremas, xeración de estratexias políticas e sociais para a mitigación e adaptación...**).

Estas mudanzas, **non son problema dunha única rexión**, polo que existen alianzas e acordos mundiais, para tentar facerlle fronte e diminuír o impacto da humanidade. Seguro que escoitastes falar da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, o Protocolo de Kyoto, o Acordo de París, a Axenda 2030, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS, en diante), da Convención sobre Diversidade Biolóxica, entre outros moitos!

Por exemplo, coa finalización do último período glaciario vai máis de 10.000 anos.

Por exemplo en España<sup>2</sup>, atopamos as inundacións extremas en períodos moi curtos de tempo, coma a DANA de Valencia, ou a extensión dos veráns en case cinco semanas, coma algún dos efectos, entre outros, xa contrastados.



<sup>1</sup> Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. (2024). *Qué es el cambio climático*. Recuperado de <https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/que-es-el-cambio-climatico.html>

<sup>2</sup> Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. (2023). *El cambio climático, una realidad observable*. Recuperado de <https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/que-es-el-cambio-climatico.html>

No 1992, Estados de todo o mundo únense na Conferencia Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático, para abordar de xeito colectivo as “*interferencias perigosas no sistema climático*”. As decisións relativas á convención, actívanse anualmente, nas chamadas COPS (en inglés “Conferencias das Partes”) onde valorar a situación climática, as estratexias estatais e locais de cada territorio, así coma os retos e dificultades prácticas. No pasado ano 2024, tivo lugar a Cop.29 en Bakú (Azerbaián)<sup>3</sup>.

No 2015, os Estados Membros das Nacións Unidas, aprobaron 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, centrados en enfrontar os desafíos planetarios coma o fin da pobreza, a protección ambiental, a mellora da vida e a paz. Os obxectivos, recóllense na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, un plan de acción estratéxico aliñado cos obxectivos e ratificado por 193 países.

Centrarémonos nos ODS, e en especial no **ODS13. Acción polo clima**, xa que pon de manifesto a necesidade de colectivizar, mobilizar, xerar conciencia crítica e desenvolver estratexias que teñan impacto directo para combater o CC e as súas manifestacións.

Desde o **panorama educativo, é un obxectivo prioritario**, posto que:

- Crea un **marco para a reflexión crítica**, sensibilización e a toma de conciencia, sustentada no coñecemento e na cidadanía activa.
- Ofrece un **escenario global** desde o que repensar as relacións intercomunitarias, ecodependentes e focalizadas no Norte-Sur global.
- Aspira a **xerar respostas innovadoras**, colectivas e responsables para a mitigación e adaptabilidade ante o CC, sendo máis xustas, empáticas e interdependentes.
- Traballa sobre certezas coma o cambio, preparando as novas xeracións para ser máis **resilientes e habitar un escenario cambiante**, pero no que é posible soñar un futuro máis sostible.

---

<sup>3</sup> Convención Marco de las Naciones Unidas sobre el Cambio Climático. (2024). Conferencia de las Naciones Unidas sobre el Cambio Climático COP29. UNFCCC. <https://unfccc.int/cop29>

Neste ano, e a pouco máis de cinco para a súa *deadline* **só se acadou un 17% destes obxectivos**<sup>4</sup>. Falamos de crise ecosocial ante a complexidade da realidade actual, que non só aborda os límites ambientais e sociais, se non que, se mistura con dinámicas de poder, desigualdade e discriminación.

Empregaremos algunhas **ideas forza** que acompañen esta guía:



- **O territorio**<sup>5</sup> **é un construto social:** explica e describe o desenvolvemento espacial das relacións sociais que xera a humanidade nos ámbitos social, cultural, xeográfico, ambiental, político e económico. Ten unha carga simbólica e emocional.
- **O noso corpo é o primeiro territorio habitado**<sup>6</sup>, en tanto que é unha xeografía encarnada, sobre o que impactan violencias, botrato, xerarquías territoriais e calquera outra manifestación ecosocial.
- Calquera experiencia, debe lerse en **tres niveles** interrelacionados. Un persoal un colectivo e un comunitario.



4 Departamento de Asuntos Económicos y Sociales de las Naciones Unidas. (2024). Informe sobre los Objetivos de Desarrollo Sostenible 2024. Recuperado de <https://unstats.un.org/sdgs/report/2024>

5 Rodríguez, C. M., Bastida, S., Grajales, M., Lima Meza, A. V., Moreno, M., & Nieves, M. (2008). Escudriñar los enfoques teóricos sobre el territorio. En Enfoques teóricos y metodológicos para el análisis de la defensa comunitaria del territorio en la región central de México (Seminario). Universidad Autónoma Metropolitana, Xochimilco.

6 Proyecto Mujeres Defendiendo el Territorio Cuerpo-Tierra. (2018). Cartografías ecofeministas para la defensa del Territorio Cuerpo Tierra en contra del extractivismo. (Informe del proyecto). San Cristóbal de Las Casas, Chiapas: Proyecto Mujeres Defendiendo el Territorio Cuerpo-Tierra.

## 3.1. Universalidade e xustiza ambiental:

Ás sociedades modernas, atravésas unha intensa produción no marco dun sistema global capitalista, pon en evidencia **fortes desigualdades** territoriais (por exemplo, falta de acceso a recursos básicos, deterioro da calidade de vida, contaminación do medio inmediato, inequidade na distribución das cargas e beneficios, etc.) que **crean escenarios de inxustiza social e económica**<sup>7</sup>.

Anos atrás, asistimos a disquisicións que asociaban este fenómeno ambiental á falta de ordenación territorial, ao desenvolvemento da produción, á xeopolítica ou ás condutas individuais<sup>8</sup>. A contemporaneidade fálanos de **extractivismo**<sup>9</sup>, como patrón de acumulación baseado na sobre-explotación da natureza, superando as teorías anteriores. Sitúa no centro como o proceso é perverso, **dinamita territorios e comunidades para obter poder e/ou beneficios económicos**. A propia crise ambiental, tamén a pobreza e atraso, derivan do abuso territorial.

O termo é máis ben recente, pero a modalidade, tal e como apunta Alberto Acosta (2012) “fraguouse fai 500 anos de xeito masivo. Coa conquista e colonización de América, África e Asia [onde] empezou a estruturarse o sistema capitalista”.

Ten moito que ver a pegada da visión occidental, arredor da crise ecosocial, tanto polo modelo como polas relacións inicuas derivadas.

Por exemplo, sabías que o termo Natureza é unha visión europea? Noutras cosmovisións, a natureza non se pode separar da humanidade, son un todo, un conxunto. A natureza non é un obxecto ao que dominar, se non un suxeito que forma parte da vida, en todas as súas formas humanas e non humanas<sup>10</sup>.

- 
- 7 García Pachón, M. del P. (Ed.). (2020). Información, participación y justicia ambiental. Herramientas para alcanzar el desarrollo sostenible y la democracia ambiental (L. F. Guzmán Jiménez, et al.). Bogotá, Colombia: Universidad Externado de Colombia. [Recuperado de <https://bdigital.uexternado.edu.co/server/api/core/bitstreams/2828b5d9-e320-4a3e-811e-d93a3fcfb311/content> ]
- 8 Galafassi, G., & Riffo, L. (2018). Del sueño de Cristóbal Colón al hoy llamado “extractivismo”: Peripecias y avatares de un largo y continuo proceso de expropiación para la acumulación. *Theomai*, 38, 232-245.
- 9 Domínguez Martín, R. (2021). El extractivismo y sus despliegues conceptuales. *Revista Territorios y Regionalismos*, (4), 1-26. <https://doi.org/10.29393/rtr4-IIEDRD10011>
- 10 Grosfoguel, R. (2016). Del «extractivismo económico» al «extractivismo epistémico» y al «extractivismo ontológico»: una forma destructiva de conocer, ser y estar en el mundo. *Tabula Rasa*, 24, 123-143

O modelo civilizatorio, xera unha **división territorial entre urbes metropolitanas que producen e exportan produtos manufacturados e os lugares de obtención de recursos naturais e materiais primas**. A división nomeada aplícase tamén ás persoas que habitan os territorios de extracción, as periferias, converténdose en Non-Seres<sup>11</sup>, é dicir, en persoas que por non seren *iguais* a nós, adquiren a condición de ser racialmente inferiores.

Esta articulación sociedade-natureza-territorio<sup>12</sup>, debe ser comprendida coma un proceso social, histórico e cultural de construción do territorio e das comunidades. Así, aspirar á superación da **crise ecosocial e camiñar cara a xustiza ambiental**, nunca será posible sen desmontar as lóxicas que estruturan o poder, as xerarquías e a dominación do Norte – Occidental Global sobre os territorios do Sur.

Sabendo que a colonialidade xera estruturas raciais que impactan nos territorios, culturas e coñecementos.



---

11 Fanon, F. (1961). Los condenados de la tierra. François Maspero. París

12 Galafassi, G., & Riffo, L. (2018). Del sueño de Cristóbal Colón al hoy llamado “extractivismo”: Peripecias y avatares de un largo y continuo proceso de expropiación para la acumulación. Theomai, 38, 232-245.

## 3.2. Incendios. Vivir de costas ao lume:

Aquí non hai máis que un único misterio real en xogo: a resposta que sexamos capaces de dar ao enfrentarnos ás consecuencias daquilo que provocamos.

*Isabelle Stengers*

O **lume** estivo presente historicamente nos **montes de maneira natural**, mais tamén por **acción antrópica** ao empregarse secularmente como ferramenta de xestión do territorio, con **impactos** recurrentes sobre **paisaxes naturais e culturais**.

Na visión labrega, queimar era unha parte substancial da realización dos traballos primordiais que se levaban a cabo no monte, e ese lume non se conceptualiza como malo nin destrutivo senón como todo o contrario. Na fraseoloxía galega atopamos aínda alusións **a escapar o lume** para explicar os accidentes derivados do seu uso. Tamén a locución **lume no monte**; e non tanto a palabra **incendio**. Isto, débese á lóxica de non consideralos sinónimos.

Este modelo de **monte é o que construiu no pasado a sociedade campesiña**. As mudanzas ecosociais que se deron despois co cambio cara un modelo forestal tiveron un grande impacto na vida das mulleres cuxas tarefas asignadas socialmente estaban vinculadas aos coidados (como o coidado do gando, da terra, dos acendidos de pequena escala para entrar en calor no monte ou quentar a comida). Se o lume estaba tradicionalmente masculinizado, hoxe en día as tarefas asociadas co sector forestal (brigadas de incendios e a silvicultura), continúan vinculadas coa masculinidade hexemónica.

Este escenario agroforestal implica a perda de diversidade nun territorio en que o 80% da superficie é habitada por tan só a metade da poboación galega, o que se concreta no despoboamento, o avenllentamento da poboación e o abandono das casas; un cóctel perfecto co que trocar a paisaxe galega en cinzas.

Ana Cabana afirma que o que separa os conceptos é toda unha cosmovisión sobre o lume que ten que ver co ideal de monte que prevalece e que implica unha distinción entre o "lume como xestor da paisaxe" e o "lume como destrutor da mesma"<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Cabana Iglesia, A. (2019). Os incendios forestais e a variables de xénero: estereotipos de ida e volta. En *Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais* (pp. 21). Catro Ventos

É conveniente considerar o lume como un elemento máis a xestionar no noso territorio de xeito planificado e consensuado, e determinando onde, cando, como e por que pode estar presente.

Co aquecemento global, o aumento da temperatura incrementou a frecuencia, intensidade e magnitude dos incendios que converten o lume nun dos principais axentes de perturbación dos ecosistemas do planeta<sup>14</sup>.

Os incendios forestais na actualidade son unha grande ameaza e reciben o nome de **incendios de “sexta xeración”**, ou incendios con “vida propia”<sup>15</sup>. Caracterízanse por seren capaces de modificar a meteoroloxía ao seu arredor o que formula unha dificultade máxima á hora de combatelos. Sendo insuficiente a capacidade humana.

Sabías que estes incendios son capaces de producir as súas propias nubes? Coñecidas como pirocúmulos, estas nubes chegan a formar tormentas eléctricas, que acaban descargando raios que xeran novos focos.

Na Galiza xa se teñen documentado incendios destas características. No verán do ano 2022 produciuse un megaincendio que deu comezo no Courel e estendeuse a Valdeorras, deixando ao seu paso un total de 51.643 hectáreas ardidias. O maior incendio documentado na historia do noso país.

Os grandes incendios forestais atopan nas súas causas estruturais as mudanzas na relación desvinculada das galegas e galegos co noso territorio.

---

<sup>14</sup> Scoot, A. (2020) Planeta en llamas: La historia del fuego a través del tiempo. Galaxia Gutenberg.

<sup>15</sup> ¿Qué son los incendios de sexta generación y por qué es tan difícil extinguirlos? (2021, 13 de septiembre) [Vídeo] RTVE: <https://www.rtve.es/noticias/20210913/incendios-sexta-generacion-sierra-bermeja/2170541.shtml> (Consultado el 2/12/2024)

### 3.3. Mulleres pioneiras:

No 2022 cumpriuse medio século desde a publicación do Informe Meadows, os límites de crecemento e os desastres socioambientais que proxectaba son a realidade actual<sup>16</sup>. Relacionar ecoloxía e xénero, xa ten percorrido. No Cumio da Muller (1995), sinalábase como:

*A degradación do medio ambiente e os desastres asociados, repercuten de forma negativa na sociedade (...) especialmente en mulleres e nenas, xa que aumentan a súa capacidade de traballo non remunerado, un traballo imprescinsible para a supervivencia da comunidade.*

Os ODS inclúen a igualdade real de forma transversal, tamén de xeito directo por exemplo no ODS 5. Igualdade de xénero e apoderamento de mulleres e nenas ou na propia aplicación dos obxectivos, como no ODS 10. Reducir as desigualdades ou no ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas, entre outros!

Pero “se eres invisible na vida diaria, as túas necesidades non serán consideradas e moito menos atendidas nunha situación de crise” (Matcha Phorn-in, 2018)<sup>17</sup>. Na inestabilidade, aumenta a necesidade de coidar, de **“situar a vida no centro”** pero tamén o fai a vulnerabilidade das persoas en asimetría e en relación á clase, raza, identidade...

En occidente, **enténdese o mundo desde pares de opostos, creando xerarquías, roles e divisións de poder**. Configúrase unha dualidade que diferencia entre Home/Cultura e Muller/Natureza. A Cultura representa a consciencia-control, fronte á Natureza que nos fala de ingobernabilidade e inconsciencia. Porén, fronte ao discurso da inconsciencia e pasividade, sinalar como **as mulleres puxeron os seus corpos en innumerables ocasións en prol da defensa territorial e climática**.

Por exemplo, coñecías a labor que realizan activistas coma Greta Thunberg, Safiya Kerchaou, Berta Cáceres, Rachel Carson, Carlota Bruna, Vanessa Nakate, Wangari Maathai, Elizabeth Wathuti ou Laura Zuñiga?

<sup>16</sup> Herrero, Y. (Invierno 2024). ¿De qué hablamos cuando hablamos de una transición ecosocial justa? Economistas sin Fronteras, Dossieres EsF, (52), 6-11. [https:// https://ecosfron.org/portfolio/transicion-ecosocial-justa/](https://ecosfron.org/portfolio/transicion-ecosocial-justa/)

<sup>17</sup> ONU Mujeres. (2018). Take five: Matcha Phorn-in . Recuperado de <https://www.unwomen.org/en/news/stories/2018/7/take-five-matcha-phorn-in>

Cómpre que falemos dos **ecofeminismos**. Unha corrente que procura universalizar os coidados, coma un medio e coma un fin para a consecución da xustiza ecolóxica e social<sup>18</sup>. Repara nas causas da crise ecosocial, vinculando a ecoddependencia e a interdependencia. Somos ecodpendentes porque empregamos recursos e procesos que son naturais, facendo imposible a vida (humana e non humana) á marxe destes. E somos interdependentes, abordando esta necesidade de recibir/dar coidados, para a propia supervivencia<sup>19</sup>.

Desde os ecofeminismos actívase a reflexión, o pensamento crítico e a adopción dun compromiso ecolóxico que transversaliza a garantía de dereitos e a xustiza, sen discriminación de xénero, clase, raza, especie, entre outras, e superando a colonización do Sur Global<sup>20</sup>. En España, existen moitas referentes ecofeministas coma Alicia H.Puleo, Yayo Herrero ou María José Guerra. En Galiza tamén, algunhas como Tareixa Ledo, Ánxeles Alvariño ou Soledad Torres, entre outras moitas!

Abren un un marco desde o que desenvolver un ollar curioso, poñendo atención ás persoas coas que compartimos territorio(s).

En España, existen moitas referentes ecofeministas coma Alicia H.Puleo, Yayo Herrero ou María José Guerra. En Galiza tamén, algunhas como Tareixa Ledo, Ánxeles Alvariño ou Soledad Torres, entre outras moitas!



<sup>18</sup> Sambade Baquerín, I., & Torres San Miguel, L. (2023). Cuerpo e identidade de género en la sociedad de la información. En A. H. Puleo (Ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (pp. 65-80). Plaza y Valdés, Madrid.

<sup>19</sup> Vázquez Silva, I.(2023). Ferramentas ecofeministas para unha nova educación. En I.Vázquez, D.García-Romero e N.Fernández (Eds.), *Arredor do rural: comunidade de saberes e innovación socioeducativa* (pp. 121-131). Ponto básico.

<sup>20</sup> Antón Fernández, E. (2023). Una lectura ecofeminista de la novela de anticipación social. En A. H. Puleo (Ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (pp. 65-80). Plaza y Valdés, Madrid.

### 3.4. Eutopías. Outros futuros

Importa que materias usamos para pensar outras materias; importa qué historias contamos para contar outras historias; importa qué nudos anudan nudos, qué pensamentos piensan pensamentos, qué descripciones describen descripciones, qué lazos enlazan lazos. Importa qué historias crean mundos y qué mundos crean historias.

(Haraway, 2019, p. 35<sup>21</sup>)

No ensaio sonoro “Cada capa de la atmósfera”, do CCCB, a artista María Arnal e o investigador José Luis de Vicente fálannos sobre as pegadas da crise climática e **Cada especie que se extingue, casa milímetro que sobe o nivel do mar, o deserto avanzando sen freo posible, ou a distancia que divide o incendio do resto do bosque... Como un río subterráneo ou un cemiterio esquecido, afirman que construímos a nosa cultura do fin sobre unha galería de terrores.**

Nesta, o desánimo e o sabor a derrota son as constantes para medir o pesimismo xeralizado. **Non escoitastes nunca, aquilo de “Agora non vale nada”, “nos tempos de antes todo era mellor” ou “Ves? Xa cho dixen”.** Convértense en lousas que evaden calquera actitude interrogativa e que amosan que nos rendemos, impédennos pensar nos futuros posibles. **É a política do fracaso.** Da súa man, existe outra que fala do colapso. **O meteorito que causou a extinción dos dinosauros, a apocalipse bíblica que anunciaba a Sibila, o declive dos humanos superados pola intelixencia artificial, coñecedes algunha idea máis?**

Para Donna Haraway, **xerar novas relacións cos habitantes da terra pode ser un xeito de construír esperanza.** Para isto debemos repensar acerca dos mitos que herdamos e se foren precisas novas narrativas. Como aquilo que existe alén da utopía tecnolóxica e da distopía da extinción, as eutopías son instrumentos cos cales aprender a vivir e a morrer nun planeta danado.

**Unha actitude crítica e interrogativa é sempre importante porque significa que estamos pensando no futuro.** A capacidade de visualización é inspiradora de novas narrativas. É tempo de liberarnos das profecías fatais que desactivan o noso poder e de crear realidades e historias novas.

---

<sup>21</sup> Haraway, D. (2020). Seguir con el problema: generar parentesco en el Chthuluceno. Bilbao: Consonni.

Neste sentido, na Galiza existen moitas iniciativas que acollen estas narrativas rexenerativas. Un exemplo disto son “Os contos do leite” un proxecto na comarca da Ulloa na procura de ficcións especulativas para a consecución dunha transición ecolóxica xusta; que asegure unha soberanía alimentaria ante á ameaza da instalación dunha nova macrofábrica de celusosa, Altri. Outro exemplo é o proxecto “O rural imaxinado” da cooperativa Outonía, na procura das narrativas invisibilizadas das crianzas das zonas rurais de Lugo e Ourense. A través da reinterpretación do abandono e a extinción, elaboran unha prospección dos futuros desexábeis en zonas de sacrificio, todo un manifesto polo dereito ao rural.

## 3.5. Artivismos. Creación participada para accionar-nos polo clima:

O artivismo, é unha **ferramenta de transformación social** que permite xerar novas narrativas que modifican os códigos e signos xa establecidos no subconsciente da sociedade<sup>22</sup>. Parte das linguaxes artísticas (imaxe, son, artes plásticas, teatro, etc.) para responder a unha problemática, reto ou inxustiza de forma creativa, vivencial e, na meirande parte dos casos, comunitaria.

No marco pedagóxico e educativo permite **dialogar e confrontar** os retos sociais. Hibrida arte e activismo para sensibilizar a comunidade e facela parte dunha vontade de cambio, latente en cada proposta<sup>23</sup>.

Non vos sona común esta vontade de accionar e transformar cunha mirada responsable, crítica e consciente para coas territorialidades? Certo! ODS13, encaixa á perfección con esta metodoloxía!

### Como **ideas forza** para levar á aula<sup>24</sup>:




- A acción artística, **parte dunha mirada persoal** que é deconstruída de xeito colectivo. Buscando unha acción política cara o ben común.
- As temáticas a abordar, teñen **conexión directa cos retos ecosociais**, pretendendo sensibilizar e gañar xustiza social.
- A pedagogía empregada, **sitúa no centro ás participantes**, favorecendo a súa implicación pero tamén ese “sentir seu” o proceso. Este último é tanto ou máis importante que os resultados en si mesmos.
- **O corpo, a emocionalidade e o desexo de incidir na vida cotiá** fóra do centro escolar son a canle enerxética para xerar boas prácticas.

<sup>22</sup> Paz y Desarrollo. (2024). Actívate por los ODS: artivismo. HYPERLINK "<https://www.pazydesarrollo.org/causes/activate-por-los-ods/>"

<sup>23</sup> Aladro-Vico, E., Jivkova-Semova, D., y Bailey, O. (2018). Artivismo: Un nuevo lenguaje educativo para la acción social transformadora. *Comunicar*, 57, 9-18.


<sup>24</sup> Martínez Cano, S. (2023). Activismo, performance y mediación en educación: El espacio de la ciudad como metáfora de la convivencia social. En P. J. Albar Mansoa, M. Ranilla Rodríguez, & C. Hernández Ullán (Coords.), *Praxis y espacios de intervención desde el arte y la educación* (pp. 466-481). Dykinson.



# 4. Bloque II. Practicar: Fichas de actividade por temáticas

A crise ecosocial pode parecer afastada ou inabarcable, freando a acción. Enfocala desde o lecer e a reflexión crítica facilita a activación e inspira referentes comprometidos para a mocidade.

**Obxectivo xeral:** Promover unha conciencia crítica interseccional sobre a crise ecosocial no alumnado, favorecendo as accións locais para un desenvolvemento sostible desde os ecofeminismos e a xustiza ambiental, no marco do ODS13.



Ficha de actividade.

# Incendios. Vivir de costas ao lume



## Contidos

Ecoloxías dos lumes, incendios de sexta xeración, cultura do risco, cartografías das percepcións sobre o lume como problemática social e as afectacións do lume no corpo.

## Competencias educativas (CE)

Competencia Comunicación lingüística (CCL), Competencia Cidadá (CC), Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA), Competencia Emprendedora (CE)

## Obxetivos específicos

- Introducir a problemática dos incendios forestais desde unha perspectiva social e medir as percepcións do alumnado
- Sensibilizar na liña da vinculación territorial e poñer en tela de xuízo a cultura do risco como único xeito de enxergar os megaincendios.

## Materiais

Diana, mapa das partes dun incendio forestal, marcadores, plastilina, materiais refugallo, revistas.

## Desenvolvemento:

1. Propoñemos algunha das dinámicas de apertura do Bloque de Recursos e ferramentas.
2. Dinámica vinculante coa ordenación territorial e na liña das implicacións de traballar poñer o corpo na aula, entendido como primeiro territorio. O alumnado terá que ordenarse de maior a menor sen falar.
3. Presentamos as “Cartografías dos incendios forestais”. Estas ferramentas permitirannos comentar as percepcións ante a problemática e perturbación que supoñen os macroincendios desde a perspectiva do alumnado. Divídese o grupo en dous, e créanse dúas estacións para cada un dos dispositivos. Cada grupo estará 10 minutos aprox. por estación.
  - Mapa social dun incendio forestal (Dispositivo 1)
  - Diana (Dispositivo 2)
4. Abrirase unha rolda aberta, coa exposición dos resultados e o profesorado realizará unha devolución teórica baseada nos contidos da guía.
5. Vidas refractarias? Construción de refuxios climáticos figurativos a partir de materiais (plastilina, textís, collage), cada persoa terá que crear un pequeno refuxio.



## Dispositivo 1: MAPA SOCIAL DUN INCENDIO FORESTAL

Crearase unha silueta dun incendio forestal sen cumprimentar. Explicarase as partes principais: cabeza ou fronte, flancos e cola. O alumnado deberá preencher na cabeza ou fronte do lume o primeiro que se me pasa pola cabeza ao pensar nas causas individuais, colectivas e comunitarias dun incendio forestal. Nos flancos, o que acontece durante un incendio. Na cola, as consecuencias que traen os incendios a nivel social e os impactos do lume nos corpos.

## Dispositivo 2: DIANA

Utilizarase unha diana cumprimentada polo profesorado, algúns dos ítems que se poderían introducir no dispositivo serían os seguintes:

1. Está nas nosas mans evitar próximos incendios
2. Existen diferenzas entre lume e incendios
3. Son os incendios un axente de perturbación do planeta
4. Os incendios de sexta xeración existen e están vinculados co cambio climático
5. A ordenación territorial ten que ver coa problemáticas dos incendios
6. Os cultivos de monocultivo supoñen masas de combustible nun incendio forestal

7. Os cinturóns verdes son suficientes para evitar que o lume chegue ás aldeas ou cidades
8. O abandono do rural é unha das causas fundamentais de que se produzan os incendios
9. Os incendios son unha problemática social
10. O lume ten impacto no noso corpo
11. A natureza é un concepto formulado desde un prisma antropocéntrico
12. Os incendios son feitos illados que pasan de cando en vez
13. O meu territorio é propenso a sufrir consecuencias dos incendios forestais
14. Os lumes non teñen unha acción colectiva continuada
15. Coñezo plataformas cidadás na defensa do territorio
16. As mulleres non se atopan ningún obstáculo como brigadistas no sector forestal
17. A cultura do lume na actualidade continúa a estar masculinizada
18. A cultura de risco é suficiente para evitar os próximos incendios forestais



Ficha de actividade.

# Mulleres pioneiras



---

## Contidos

Ecofeminismos, proxectos locais con incidencia global, mitigación do cambio climático, adaptabilidade a novos escenarios, CC e resistencias desde o corpo-territorio.

---

## Competencias educativas (CE)

Competencia Comunicación lingüística (CCL), Competencia Cidadá (CC), Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA)

---

## Obxetivos específicos

- Facilitar a comprensión da crise ecosocial desde o social ao persoal aumentando o coñecemento de proxectos pioneiros e resistencias non violentas.
- 

## Materiais

Curta, imaxes para galería e contextos, proxector e pc.

---

## Desenvolvemento:

1. Propoñemos algunha das dinámicas de apertura do Bloque de Recursos e ferramentas.
2. Proxectamos o documental “*Na procura da nosa Deusa Nabia*”, de Ignacio Villar, ou un anaco de “*Altri, un monstro no corazón da Galiza*” incidindo no silencio e na mirada atenta. Durante a proxección anotarán as emocións que senten e, ao final da mesma, que idea forza ou principal lles queda.
3. Rematada a curta, xeramos unha rolda:
  - Que vos pareceu? De que quere falar o autor?
  - Que emocións experimentastes?
4. Acollendo as propias emocións e experiencias do grupo, introducimos a idea do corpo-territorio, coma ese lugar que sente, que experimenta, que se ve afectado pola contorna, ao tempo que tamén inflúe nela. Os proxectos extractivistas e de produción masiva, afectan ao medio e os nosos corpos sofren as consecuencias. Neste marco, eríxense resistencias non violentas e proxectos, que poñen intención en transformar a forma coa que nos vinculamos ao territorio nun marco máis coidadoso. Unha manchea deste tipo de iniciativas, en Galiza, atópase liderada por mulleres e disidencias de xénero.




5. Explicamos ao grupo, que deben reparar nas imaxes que están penduradas pola aula. Camiñando, deben deterse naquela imaxe que máis lle chamara a atención. Só poden escoller unha. Organizamos deste xeito ao alumnado en subgrupos.

Dependendo do volume do grupo, empregaremos máis ou menos imaxes. Se o grupo é numeroso, recoméndase empregar un maior número, para favorecer o diálogo e reflexión activa. Se, pola contra, o grupo é pequeno podemos pensar en empregar de 4 a 6 imaxes. A escolla das fotos está motivada na representatividade de proxectos de Terra (T), de Mar (M) e proxectos transversais (TR), polo que se recomenda, con independencia do número de imaxes empregadas, garantir un equilibrio.

6. Sinalamos como detrás de cada imaxe, hai un pequeno texto que da conta da iniciativa, protagonistas e contexto. A primeira tarefa será dialogar sobre a motivación de escoller dita foto para, deseguido xerar unha micro-historia que de resposta a:
- Que conflito ecosocial enfrontan as persoas/persoas da imaxe?
  - Que estratexias imaxinadas que empregan para facerlle fronte a esa problemática?

7. En gran grupo, facemos unha rolda. Pedimos que unha portavoz por equipa, comparta as súas reflexións. **É importante poñer atención as súas ideas e incidir en que é un tema moi complexo onde é habitual que sintamos incerteza.** Para continuar, podemos empregar algunha das seguintes cuestións disparadoras:

- Coñecíades algún dos exemplos que vimos?
- Pensades que hai algo en común entre a galería de imaxes escollidas?
- Credes que estas persoas ou as súas accións teñen relación co ecofeminismo? Escoitarades algunha vez este termo?
- Diríades que son persoas poderosas? Ou con influencia para transformar a súa contorna?
- E, individualmente, que podemos facer?



Os proxectos liderados por mulleres ou por outras identidades non binarias, a miúdo son instrumentalizados desde estratexias de pinkwashing que non afondan na relevancia e valor das iniciativas en si mesmas. Afondar no poder e na imaxe do poder que ten a adolescencia, axúdanos a desmontar os estereotipos de xénero e as xerarquías derivadas.

8. Para afondar na transversalidade da cuestión climática e das resistencias pioneiras noutras zonas planetarias, podemos proxectar o “*Mapa da xustiza ambiental*”, facendo unha proposta aberta á exploración do territorio galego, ou incluso á aportación ao propio mapa desde a aula.





t

[link](#)

Nieves Fernández Vidueira é pastora no interior de Ourense, nas montañas do Macizo Central. Adícase á recuperación da raza de ovella galega, así como ao cultivo agrícola rexenerativo para cultivar todo o preciso para a alimentación do gando (cereais, produtos frescos, etc.)



t

[link](#)

Mulleres colleiteiras ten como principal obxectivo o traballo de recollida, almacenamento, valorización e reutilización do aceite doméstico usado, realizado por mulleres en situación de exclusión social, como medio para incorporarse ao sector formal de autoemprego, ofrecendo unha proposta eficaz ao problema dos verquidos de aceite nas cociñas e ao aproveitamento dun recurso.



m

[link](#)

Mulleres salgadas é a primeira asociación de mulleres que traballan no mar. Con máis de 2.000 asociadas aglutina diversas fórmulas (cofradías, cooperativas, empresas, sector do patrimonio cultural inmaterial, etc.) dentro do sector pesqueiro. O seu obxectivo prioritario é dignificar o sector desde a perspectiva de xénero.



m

[link](#)


Lixo Atelier é un proxecto impulsado por María Candamo, dedicado á recollida de lixo das praias galegas, sobre todo arredor da zona de Louro (Pontevedra). María, converte os residuos en xoias para darlle unha nova vida.

Mónica Cea, é a voceira da Plataforma por unha Ulloa Viva. Un movemento comunitario que procura a defensa da comarca da Ulloa ante ao desexo de instalar unha macrocelulosa (ALTRI) neste territorio. A plataforma, procura defender o abuso hídrico na contorna, a contaminación dos ríos, a sobrecarga natural... para iso realizan encontros, xornadas de convivencia, obradoiros, concertos, entre outras propostas, centradas en sensibilizar e coidar o territorio.



tr

[link](#)



t

[link](#)

As flores de Greta, é un proxecto de ecoprint téxtil impulsado por Uxía, Nuria e Antía. Producen e comercializan prendas de roupa deseñadas á man, con tinturas naturais e empregando téxtiles de proximidade.



m

[link](#)


TOMBO, é o proxecto impulsado por Sara Formoso, centrado na reutilización de velas mariñeiras en desuso para a creación de bolsos e complementos sostibles. Toda a súa produción é feita á man en Galicia.



t

[link](#)

As Vacas da Ulloa S.Coop.Gal é un proxecto que medra desde a unión de Marta Álvarez (Granxa Maruxa) e Ana Corredoira (Granxa A Cernada), ambas en Palas de Rei (Lugo). A cooperativa promove un modelo de gandería rexenerativa, que aposta pola contorna e o libre pastoreo. Sen Máis é a súa propia marca de iogures e leite fresco, que é iso "leite sen máis".



tr

[link](#)

Paula Pin, é unha artista non binaria interdisciplinar que investiga a súa relación coa contorna e co medio ambiente, así coma os impactos que se producen no corpo. A través do comportamento das plantas, dos microorganismos, da enerxía alternativa explora novos conceptos de comunidade, creando instalacións onde mistura performance, tecnoloxía, bioloxía e arte.



t

[link](#)

AILE, é un proxecto de streetwear impulsado por María Nieto. Unha proposta que escapa da fast-fashion "en tendencia sen esquecer o planeta". Deseñan pezas confeccionadas a man, deseñadas e producidas en Galicia con tecidos sostibles, sen procesos industriais.



m

[link](#)

Elena Ojea, Doutora en Ciencias Ambientais, lidera a equipa Future Oceans Lab, un grupo activo de investigadoras mozas da Universidade de Vigo que estudan os impactos do CC nos océanos co fin de asegurar a adaptabilidade das comunidades pesqueiras, sobre todo nas áreas máis vulnerables.

Ficha de actividades.

# Eutopías. Outros futuros



---

## Contidos

Cultura do colapso, galería de terrores, fabulación especulativa, eutopías

---

## Competencias educativas (CE)

Competencia Comunicación lingüística (CCL), Competencia Cidadá (CC), Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

---

## Obxetivos específicos

- Analizar a cultura do fin e a cultura do colapso como xeito aprendidos de inmovilizar as accións
  - Aprender a mudar a mirada e afinar o pensamento crítico
  - Crear novas narrativas baseadas na metodoloxía da fabulación
- 

## Materiais

Obxectos que o alumnado aporte vinculados coa temática da extinción.

---

Haberá que pedirlle ao alumnado que traia un obxecto á sesión. Convén lembrarllo con tempo para que dispoñan dun horizonte temporal para pensar sobre a temática da extinción. Poderíase considerar por parte do profesorado en ter seleccionados varios obxectos para poder expoñelos en caso de que alguén non se lembrase ou quixese aportar.

## Desenvolvemento:

1. Propoñemos algunha das dinámicas de apertura do Bloque de Recursos e ferramentas.
2. Galería de terrores: a extinción. Metodoloxía para pensar con e através de obxectos. Pédeselle ao alumnado que traia un obxecto que represente para elas a extinción. Dispoñemos os obxectos nunha mesa a modo expositivo, de xeito ordenado. Cada persoa, por quendas, terá que escoller un obxecto diferente ao que trouxo, que non lle é o propio, e explicar por que simboliza a extinción. Ao final desta primeira rolda especulativa, as persoas deberán dicir que obxecto aportaron á galería de terrores e por que.

Existe a posibilidade de abrir un debate sobre a resignificacións dos obxectos e nova creación dos relatos dependendo da ollada.



3. Con esos obxectos que aportamos o alumnado crea un SLOGAN hipotético que supere a idea da extinción para a xeración das novas narrativas, fronte á cultura do fin e á galería de terrores.

Pódeselle ofrecer unha lista de palabras que introducir no slogan: ruína, desterro, abandono, escavar, enmarañarse, testemuña, simbiose, acumulación, reincidir, segredo, desviar, refuxio, reparación, rexenerar, vestixio, memoria, humidade, marxe, depositar, relación, fundir, recolectar, aridez, auga, rescate, fragmento, fragilidade, imaxinación, estruturar, enraizar, reunir, devastar, procomún.

4. Restitución: creamos unha rolda final para amosar os resultados a través dunha exposición de slóganés.

Ficha de actividades.

# Artivismos. Creación participada para accionar-nos polo clima



---

## Contidos

Artivismos, acción colectiva, sensibilización comunitaria, novos escenarios e incidencia política.

---

## Competencias educativas (CE)

Competencia Comunicación lingüística (CCL), Competencia Cidadá (CC), Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

---

## Obxetivos específicos

- Coñecer o artivismo coma unha ferramenta accesible, dinámica e autotélica que serve para abrir fendas nos marcos normativos.
  - Xerar propostas artísticas en colectivo a partir de elementos residuais, que promovan a sensibilización comunitaria con relación a problemáticas ambientais.
- 

## Materiais

Proxectos de referencia, lixo recollido nos montes e praias, papel contínuo branco, cámara fotográfica, materiais residuais do centro (cartóns, envases, etc.), rotuladores, cores, tesoiras e pegamentos.

---

## Desenvolvemento:

### Resulta prioritario:

- O tratamento e acondicionamento de residuos previa sesión, sobre todo en relación á hixiene e lavado dos materiais, así como á súa clasificación. A importancia de concienciar ao alumnado, non só nesta sesión, arredor da problemática e facelos partícipes da recollida. Xa sexa en conxunto (saída aula) ou en individual (achegar residuos do monte próximo, etc.)
- A disposición da aula/espazo. Colocaremos as mesas e cadeiras configurando catro grupos e unha zona común de depósito de materiais e recursos.





1. O corpo, como territorio, garda emocións e sentires e vamos viaxar a través destas, ao momento de recollida comunitaria de lixo. Para iso, pregámoslle que fechen os ollos e que poñan atención na súa respiración.

É importante adaptar a experiencia á contorna traballada, paisaxes, cores, luz, para facer a visualización o máis persoal e inmersiva posible. Poñer exemplos concretos, axuda a situar a vivencia.


- Como foi o percorrido? Podo velo? Que hai nel que chame a miña atención?
- Que emocións tiveron? Se cadra calma, por estar na natureza... ou se cadra raiba porque non demos recollido todo o lixo que vimos...

*Desde esa emoción e enerxía que te invade e sen abrir aínda os ollos, quero que imaxines que todas nós atopamos nunha acción colectiva polo clima. Como cres que sona? Que sons hai? Que se escoita?*

2. Pedimos que cadaquén inicie un son ao que o grupo se irá sumando de forma orgánica. Preguntamos:
  - Que vos imaxinastes para facer os sons? Cal era a acción? As accións colectivas polo clima, teñen algo en común?
3. Que sabedes dos artivismos? Pensades que teñen que ver algo coas accións colectivas? Introducimos o tema, empregando o bloque de contidos teóricos. Lazamos a activadora: é preciso hoxe en día o artivismo?
4. Mergullámonos nun caos creativo, onde visualizar referentes artivistas:

Cómpre ler e familiarizarse cos proxectos de referencia, escoller exemplos segundo os intereses manifestos no grupo, a tipoloxía de residuos recollida, etc. Poñer atención no equilibrio entre estilo artístico e orixe dos proxectos amosados. É recomendable, ter os links abertos e amosalos en formato conversa.





[link](#)

Artes plásticas

**Enma Gascó**  
(Sevilla, España)

Como ilustradora, desde as súas obras aborda temas vinculados á defensa da igualdade, os dereitos humanos e a ecoloxía.


[link](#)

Música

**KOKOKO!**  
(Kinsasha, Congo)

Son unha banda de música urbana, que mistura a reivindicación do territorio a través das súas letras e videoclips. Ademais, os instrumentos que empregan están feitos a partir de residuos que reutilizan dos vertederos da súa cidade.


[link](#)

Comunicación

**En Medio**  
(Barcelona, España)

Unha colectiva dedicada á comunicación social desde as accións comunitarias. Procura traballar cos outros relatos e coas oportunidades que nos ofrece pensar o mundo que habitamos desde outras miradas non normativas. No 2023, presentan o seu proxecto "Ingrávidas", onde amosan "as caras" afectadas pola depredación enerxética.


[link](#)

Arte comunitaria

**ArteLixo**  
(Redondela, España)

É un festival artístico impulsado por unha iniciativa veciñal, que desde os anos 90 ten lugar de forma anual en Redondela. Naceu para protestar arredor dun vertedoiro ilegal e, na actualidade, continúa empregando residuos para xerar propostas que inviten á reflexión sobre o cambio climático, a contaminación e a inxustiza social.

**Mandy Barker**  
(Reino Unido)

É unha fotógrafa británica, coñecida polo seu traballo arredor dos plásticos e residuos mariños. Barker, leva máis de 15 anos fotografando as súas recollidas de lixo e creando obras a partir das mesmas a través de técnicas coma a cianotipia, a colaxe ou a construción simbólica.


[link](#)

Residuos




[link](#)

Arte comunitaria

Comunidade local  
(Naipyidó, Birmania)

A poboación local no 2021, uniuse nunha protesta masiva non violenta. Recrearon as súas reivindicacións, sobre ovos de Pascua, que inundaron o país ante o golpe militar ao que se enfrontaban.




[link](#)

Performance

Las Tesis  
(Valparaiso, Chile)

Son un colectivo artístico que defende os dereitos sociais e as demandas feministas desde a performance, a creación musical e combinación de artes escénicas, sonoras, gráficas... etc. A súa acción, "O violador eres ti (2020)" percorreu o mundo.




[link](#)

Música

Orchestra de Instrumentos  
Reciclados  
(Cateura, Paraguai)

É unha agrupación musical, formada por persoas mozas que habitan a comunidade próxima ao vertedoiro de Cateura, en Asunción, capital do Paraguai. Procuran imaxinar outros posibles na contorna que habitan, facendo protesta e vida a partir da música.



[link](#)

Poesía

Yamini T.Prabhu  
(India - Galiza)

É unha poeta e activista, que traballa a través das súas propias vivencias, poñendo en evidencia un sistema racista, clasista e patriarcal que limita a igualdade de oportunidades.

Colectivo Boa Mistura  
(Madrid, España)

O colectivo, dedícase ao grafitigrافی, ás artes plásticas e á creación de instalacións de gran tamaño.

No 2022, crearon a acción "Seguimos loitando". Un conxunto de grilandas alimentadas por enerxía solar que procuran reivindicar os dereitos das habitantes dunhas das áreas máis empobrecidas e vulnerables de Madrid, fronte á subida da luz.



[link](#)


Artes plásticas


[link](#)

Residuos

**María Arceo**  
(Naipyidó, Birmania)

É unha artista que mistura nas súas obras arqueoloxía, oceno-  
grafía e ciencia. Desde as súas  
obras, investiga as pegadas que a  
humanidade deixa na auga. Na obra  
escollida "Plástico a mareas",  
critica os residuos das costas  
galegas.


[link](#)

Residuos

**Museo de Lixo**  
(Sian Ka'an, México)

Este peculiar museo, impulsado  
polo artista Alejandro Durán, crea  
obras de gran tamaño empregando  
os residuos que chegan as costas  
de Sian Ka'an. O museo, non ten un  
lugar fixo, se non que é eféme-  
ro e invade o espazo público para  
chamar a atención da comunidade.


[link](#)

Residuos

**Deniz Sagdiç**  
(Mersin, Turquía)

Traballa arredor da idea da sus-  
tentabilidade e do re-aproveita-  
mento de residuos, co fin de ins-  
pirar condutas máis respectuosas  
coa natureza. Xera proxectos ar-  
tístico-comunitarios para sensibi-  
lizar desde a arte á sociedade.


[link](#)

Artes plásticas

**Aranxa Vicents**  
(México - Galiza)

Emprega diversas tipoloxías artís-  
ticas, coma a colaxe, a escrita,  
a performance, os recursos sono-  
ros e audiovisuais, para abordar  
a metáfora do corpo-territorio,  
desde unha identidade non binaria,  
migrante e racializada. Nas súas  
creacións reivindica a decolonia-  
lidade e a necesidade dunha xusti-  
za ecosocial.





5. Facendo fincapé na importancia de converterse en activistas polo clima tomando conciencia de como a creatividade pode ser un motor de acción común para sensibilizar, continuamos a sesión tomando como referencia a obra *Future Dust* de María Arceo e a súa clasificación de lixo por cor e tipoloxía, xeraremos o noso propio *knolling* de residuos. Dividimos ao alumnado en catro subgrupos. Cada grupo terá unha bolsa de residuos limpos e un papel branco continuo. Pedimos que sitúen os materiais de forma ordenada, xerando algo similar a unha cuadrícula.

Cómpre non pegar os residuos, só situálos. Para a arquivística, tomarase unha foto coa axuda dunha cámara ou móbil. Esta imaxe por cada grupo, xunto ao título da proposta será parte do material para a exposición.

Rematado o exercicio, facemos unha rolda:

- Que pensamos ao ver o resultado? Cóntanos algunha idea?
  - Como lle poderíamos chamar para que máis persoas reflexionaran sobre iso?
6. Indicámoslle ao grupo que para que estas reflexións cheguen a máis persoas, crearemos o noso propio Festival Arte-Lixo. Cada grupo creará un material para a exposición ao público. A obra, como mínimo, deberá ter un propósito e un título. Para iso, contarán cos residuos recollidos, con outros propios do centro (cartóns, xornais, gomas, restos de envases, etc.) e con papelería variada.



7. Situamos os materiais complementarios nunha zona común. Sinalamos estes “tips”<sup>25</sup> para a creación artivista:

- Non sexades literais, a poesía axúdanos a pensar en cousas non banais.
- A inspiración está en todas partes, nas veciñas e nos exemplos que vimos antes!
- Usade o caos creativo e centrade a idea en ton reivindicativo.
- Menos é máis! Canto máis clara sexa a creación máis sinxela será a súa comprensión.

---

<sup>25</sup> Elaboración propia a partir de: **Observatorio de la Infancia y Adolescencia de Andalucía.** (2020). Caminamos artivistas? Guía para la creación participativa de acciones artivistas para la salud global en centros educativos. [https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5970\\_d\\_Caminamos-Artivistas.pdf](https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5970_d_Caminamos-Artivistas.pdf)



# 5. Bloque III. Activar: Anotaciones para iniciar unha micro-experiencia de investigación participada



## **Obxectivo xeral:** Xerar estratexias para impulsar unha Investigación Acción Participada centrada na recompilación de experiencias rexenerativas con enfoque de xénero que responden á emerxencia climática

Nun contexto de transformacións aceleradas e alta incerteza en relación aos impactos do CC e outros procesos de muda global, é preciso o diálogo entre o coñecemento científico e os saberes comunitarios<sup>26</sup>. Neste sentido, a Investigación Acción Participativa (IAP) pode ser unha estratexia cun rol destacado de cara á resiliencia, novas narrativas de futuro e posta en valor das accións comunitarias.

Como por exemplo, as estratexias, procedementos ou iniciativas de adaptación ou resposta climática que temos na nosa contorna.

A IAP é un proceso de investigación para o cambio social, onde as persoas que investigan toman un rol activo, forman parte da comunidade e procuran mellorar as condicións persoais e sociais. Reflexionando, indagando e poñendo en común recursos, ideas e ferramentas útiles para transformar certas problemáticas ou dificultades dun territorio ou grupo.

Neste marco, procúrase xerar un itinerario onde as participantes desenvolven a súa mirada curiosa e traballan en base aos seus intereses para identificar problemas e oportunidades presentes no seu cotiá. O fin último é claro: atopar propostas propias para mellorar a realidade.

Na IAP o proceso investigador nace dunha problemática concreta para construír saberes e ideas entre as persoas que investigan e as participantes; asumindo así un carácter participativo que medra desde a creación das fases de investigación ata a devolución comunitaria. Este último paso é moi importante para trazar unha horizontalidade e que a recollida non sexa extractivista.

Cada proceso de investigación participada, debe estruturarse en función do grupo participante e dos seus intereses. Aínda así, hai unha secuencia<sup>27</sup> que se mantén máis ou menos presente:

<sup>26</sup> Zapata, Florencia y Rondán, Vidal. 2016. La Investigación Acción Participativa: Guía conceptual y metodológica del Instituto de Montaña. Lima: Instituto de Montaña

<sup>27</sup> Adaptación a partir de Alberich, T. et al. (2009). Metodologías Participativas. Manual. CIMAS.

## 5.1. Comezamos! Identificamos problemas e reflexionamos

A secuencia debería ser colectiva, pero tamén se pode facer individual en relación ao tempo e dispoñibilidade do grupo participante. Ofrecemos ao grupo os grandes sectores presentes na guía: gandeiría, moda, agricultura, sector agroforestal, sector marítimo e pesqueiro. É interesante, visualizar referentes forza que podan inspirar a creación, como por exemplo os Tutoriais para que a túa comunidade investigue.

- **Preguntamos:** Que dificultades poden existir neses sectores en relación ao cambio climático e á crise ecosocial? Os problemas son iguais para toda a poboación, ou existen grupos vulnerables? Cales son as causas deses problemas?

É importante que se se fai en colectivo-aula, determinemos diferentes roles. Como por exemplo, unha persoa que anota as respostas colectivas, outra que as clasifica por temas comúns, unha que rexistra o proceso (fotos, ideas principais, proceder...).

- **Creamos árbore de problemas.** Precisamos un debuxo dunha árbore onde se vexan as raíces, a copa, os froitos e as ramas. Nas raíces situaremos as causas deses problemas, nos froitos os problemas e nas ramas, elementos que favorecen esas problemáticas.

Por exemplo, falta de recursos ou coñecementos, dispersión e illamento, intereses económicos, etc.

## 5.2. Arrombamos. Seleccionamos temas e organizamos o proceso

- **Selección de temas de interese.** Que precisamos saber? A quen lle podemos preguntar? Que é importante contar?
- **Cronograma e arquivo:** que queremos conseguir? Que actividades podemos facer para lograr eses obxectivos? Creamos un taboleiro **similar a un horario con ítems asociados** onde se dea conta das actividades e desexos, dos tempos e das tarefas e responsabilidades.

Por exemplo, podemos recoller a información nunha ficha individual ou grupal onde se recollan as preguntas anteriores

Suxerimos a creación dunha carpeta (física-dixital) para xerar un arquivo relacionado coa investigación.

## 5.3. Pés fóra. Observación e investigación

- **Rede.** Con quen podemos falar para ter máis información? Se cadra algunha persoa coñecida ou de relevancia no tema que nos conte máis?

Convidamos ao alumnado a manter unha observación activa para detectar posibles boas prácticas no seu contexto inmediato.

Invitamos a que exploren, paseen polo territorio, recollan audios e conversas ou entrevisten as persoas identificadas.

Se a escolla é unha entrevista, o ideal é perfilar 3-4 preguntas relacionadas co tema escollido. É importante, que afonden na contribución do proxecto á dar resposta á emerxencia climática. Por exemplo: como pode contribuír a iniciativa a frear ou mitigar o CC?, cales son as boas prácticas para a natureza que se promoven desde o proxecto?, de que xeito se pon en marcha?, é unha iniciativa que impacta de xeito positivo na comunidade?, etc.

Non podemos esquecernos de pedir o consentimento verbal das entrevistadas. É abondo, con que sinalen “que participan de forma voluntaria e que si desexan facelo”.

Ademais disto, hai que recoller o nome, idade, territorio e proxecto de cada persoa participante.

## 5.4. Partillamos. Devolvemos os saberes á comunidade

- É preciso crear unha devolución ou **material creativo que responda:** tema da investigación, protagonista, historia e apredizaxes que extraemos como propostas resilientes de cara ao cambio climático.
- De que xeito podemos devolver a información?

Por exemplo, podemos reunirnos coas persoas informantes? Ou convidalas a algún encontro? Propoñer unha devolución no centro ou no pobo?

É interesante favorecer a creación activa e diversa, a apelación á libre inspiración e ao uso dos materiais que rexistraron durante o proceso investigador (ppt, obra, son, etc.)



# 6. Recursos e ferramentas



## Filmes, audiovisuais relacionados



- *Documental. “Sereas”, as redeiras de A Guarda, Asociación de Redeiras Atalaia.*
- *Documental. “Mulleres de vento, terra e gando”, Ganaderas en Red (2023)*
- *Circuíto de Curtas, Chanfaina Lab. O silencio dos eólicos, Aser Álvarez (2023)*
- *Podcast. La crisis del agua potable en Uruguay. Radio Ambulante (2023)*
- *Tiktokers: ClimaBar, Física MR.*

## Dinamicas de activación/inicio



- **Eu son...e o meu corpo síntese...:** pedimos a cada alumna que diga o seu nome e como chega hoxe ao espazo a través dun movemento. O resto do grupo repíteo.
- **Hoxe síntome coma [obxecto, lugar, comida, animal...] porque [unha breve xustificación]:** cada persoa elixirá un elemento que lle axude a contar como se seente hoxe pescudando no por que da súa elección brevemente.
- **De quen serán estas nádegas?:** unha cadeira no centro da aula. Nela unha voluntaria cos ollos vendados. As compañeiras xirarán arredor, imitando sons animais. Á palmada, a compañeira que se atope máis preto sentarase nas pernas da persoa da cadeira, quen tentará adiviñar quen é.
- **Pelota preguntona:** iniciamos lanzando unha pregunta ao aire vinculada ao benestar, as emocións e a creación dun clima de botratro (por exemplo, alguén me contaría algo que hoxe a fixera feliz?; poderíame dicir un momento no que sentiras ilusión?, etc.). A persoa que responda, será a encargada de formular unha nova cuestión e así sucesivamente.

## Dinámicas de feche



- **Vira-vira, vaia-vaia!:** Cada persoa, di unha emoción que conte como marcha. O grupo, se se seenten identificadas dirán VIRA-VIRA, facendo un aceno coas mans cara si. Se, pola contra, seenten que non ten nada que ver coas súas emocións, dirán VAIA-VAIA, cun xesto oposto xirando as mans cara fóra.
- **Nas miñas mans:** cunha pelota nas mans, formulamos un compromiso realizable para/coa Terra (por exemplo, comprométome a consumir máis produtos de proximidade ou a non mercar tanta roupa de fast-fashion).
- **Corpos exquisitos:** nunha folla, unha persoa escribirá unha frase que conte algo que chamara a súa atención da sesión. Dobrará a folla ocultando a frase e escribirá a última palabra empregada embaixo da dobrez. A seguinte, inicia con esa verba e así ata que todo o grupo escribira.
- **Cociñamos botrato:** situamos ao grupo en fila. Sinalamos como faremos unha pizza en conxunto, a última persoa é a encargada da receita, a cadea de compañeiras, quen comunica as accións e a primeira quen elabora. A mensaxe comunícase a través do lombo da compañeira de diante.

## Recursos e proxectos vinculados



- *Guía. Como hacer investigación, acción participativa.* Ministerio de Educación, Formación Profesional e deportes (2024)
- *Guía. Caminamos artistas. Farmamundi (2020)*
- *Guía. Con-vivir. Arte, ecología y educación. Fundación Mar Adentro (2022)*
- *Guía. Recursos educativos sobre cambio climático de 3 a 18 años. Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto demográfico (2020)*
- *Páxina web. Observacións críticas dun planeta cambiante (NASA).* Exploración visual do cambio climático desde imaxes satélite en diferentes contextos.

# Bibliografía

Antón Fernández, E. (2023). Una lectura ecofeminista de la novela de anticipación social. En A. H. Puleo (Ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (pp. 65-80). Plaza y Valdés, Madrid.

Aladro-Vico, E., Jivkova-Semova, D., y Bailey, O. (2018). Artivismo: Un nuevo lenguaje educativo para la acción social transformadora. *Comunicar*, 57, 9-18.

Alberich, T. et al. (2009). Metodologías Participativas. Manual. CIMAS.

Cabana Iglesia, A. (2019). Os incendios forestais e a variables de xénero: estereotipos de ida e volta. En *Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais* (pp. 21). Catro Ventos

Convención Marco de las Naciones Unidas sobre el Cambio Climático. (2024). *Conferencia de las Naciones Unidas sobre el Cambio Climático COP29*. UNFCCC. <https://unfccc.int/cop29>

Departamento de Asuntos Económicos y Sociales de las Naciones Unidas. (2024). *Informe sobre los Objetivos de Desarrollo Sostenible 2024*. Recuperado de <https://unstats.un.org/sdgs/report/2024>

Domínguez Martín, R. (2021). El extractivismo y sus despliegues conceptuales. *Revista Territorios y Regionalismos*, (4), 1-26. <https://doi.org/10.29393/rtr4-11EDRD10011>

Fanon, F. (1961). *Los condenados de la tierra*. François Maspero. París

Galafassi, G., & Riffo, L. (2018). Del sueño de Cristóbal Colón al hoy llamado “extractivismo”: Peripecias y avatares de un largo y continuo proceso de expropiación para la acumulación. *Theomai*, 38, 232-245.

García Pachón, M. del P. (Ed.). (2020). *Información, participación y justicia ambiental. Herramientas para alcanzar el desarrollo sostenible y la democracia ambiental* (L. F. Guzmán Jiménez, et al.). Bogotá, Colombia: Universidad Externado de Colombia. Recuperado de <https://bdigital.uexternado.edu.co/server/api/core/bitstreams/2828b5d9-e320-4a3e-811e-d93a3fcfb311/content>

Grosfoguel, R. (2016). Del «extractivismo económico» al «extractivismo epistémico» y al «extractivismo ontológico»: una forma destructiva de conocer, ser y estar en el mundo. *Tabula Rasa*, 24, 123-143

Haraway, D. (2020). Seguir con el problema: generar parentesco en el Chthuluceno. Bilbao: Consonni.

Herrero, Y. (Invierno 2024). ¿De qué hablamos cuando hablamos de una transición ecosocial justa? *Economistas sin Fronteras, Dossieres EsF*, (52), 6-11. <https://ecosfron.org/portfolio/transicion-ecosocial-justa/>

Martínez Cano, S. (2023). Activismo, performance y mediación en educación: El espacio de la ciudad como metáfora de la convivencia social. En P. J. Albar Mansoa, M. Ranilla Rodríguez, & C. Hernández Ullán (Coords.), *Praxis y espacios de intervención desde el arte y la educación* (pp. 466-481). Dykinson.

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. (2024). Qué es el cambio climático. Recuperado de <https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/que-es-el-cambio-climatico.html>

Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. (2023). *El cambio climático, una realidad observable*. Recuperado de <https://www.miteco.gob.es/es/cambio-climatico/temas/que-es-el-cambio-climatico.html>

Observatorio de la Infancia y Adolescencia de Andalucía. (2020). *Caminamos artistas? Guía para la creación participativa de acciones artistas para la salud global en centros educativos*. [https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5970\\_d\\_Caminamos-Artivistas.pdf](https://www.observatoriodelainfancia.es/ficherosoia/documentos/5970_d_Caminamos-Artivistas.pdf)

ONU Mujeres. (2018). *Take five: Matcha Phorn-in*. Recuperado de <https://www.unwomen.org/en/news/stories/2018/7/take-five-matcha-phorn-in>

Paz y Desarrollo. (2024). Actívatelo por los ODS: activismo. Recuperado de <https://www.pazydesarrollo.org/causes/activate-por-los-ods/>

Proyecto Mujeres Defendiendo el Territorio Cuerpo-Tierra. (2018). Cartografías ecofeministas para la defensa del Territorio Cuerpo Tierra en contra del extractivismo. (Informe del proyecto). San Cristóbal de Las Casas, Chiapas: Proyecto Mujeres Defendiendo el Territorio Cuerpo-Tierra.

¿Qué son los incendios de sexta generación y por qué es tan difícil extinguirlos? (2021, 13 de septiembre) [Vídeo] RTVE: <https://www.rtve.es/noticias/20210913/incendios-sexta-generacion-sierra-bermeja/2170541.shtml> (Consultado el 2/12/2024)

Rodríguez, C. M., Bastida, S., Grajales, M., Lima Meza, A. V., Moreno, M., & Nieves, M. (2008). Escudriñar los enfoques teóricos sobre el territorio. En *Enfoques teóricos y metodológicos para el análisis de la defensa comunitaria del territorio en la región central de México* (Seminario). Universidad Autónoma Metropolitana, Xochimilco.

Sambade Baquerín, I., & Torres San Miguel, L. (2023). Cuerpo e identidad de género en la sociedad de la información. En A. H. Puleo (Ed.), *Ecología y género en diálogo interdisciplinar* (pp. 65-80). Plaza y Valdés, Madrid.

Sanz Ramón, F. (1995). *Los vínculos amorosos: Amar desde la identidad en la Terapia de Reencuentro*. Kairós.

Scout, A. (2020) *Planeta en llamas: La historia del fuego a través del tiempo*. Galaxia Gutenberg.

Vázquez Silva, I.(2023). Ferramentas ecofeministas para unha nova educación. En I.Vázquez, D.García-Romero e N.Fernández (Eds.), *Arredor do rural: comunidade de saberes e innovación socioeducativa* (pp. 121-131). Ponto básico

Zapata, Florencia y Rondán, Vidal. 2016. *La Investigación Acción Participativa: Guía conceptual y metodológica* del Instituto de Montaña. Lima: Instituto de Montaña

Un proyecto de:



Con el apoyo de:

